

Unha guía sensible, ecolóxica, feminista e literaria de Compostela

Inclúe nove visitas singulares, un calendario de árbores e flores, e un percorrido polo Territorio das mulleres.


Ilustrada con 70 fotografías, aporta novos planos e rutas.

Ademais, prácticas recomendacións de restaurantes, cafés e comercio local.

SANTIAGO DE COMPOSTELA, SETEMBRO DE 2019.- Seguindo a liña doutras guías sensibles e respetuosas coa contorna que viron a luz nos últimos anos en varias cidades de Europa, Alvarellos Editora publica este mes SANTIAGO DE COMPOSTELA DESDE DENTRO, de Marilar Aleixandre. Unha guía alternativa, sensible, ecolóxica, feminista e literaria de Compostela.

É outra forma de descubrir unha cidade. De percorrela, sentila e apreciala. Esta guía ilustrada convida a coñecer Santiago de Compostela dun xeito diferente. Unha proposta para viaxeiras e viaxeiros sensibles, que queiran tanto gozar como aprender, ou gozar aprendendo.

A prestixiosa e premiada escritora e académica Marilar Aleixandre (Madrid, 1947) lévanos da man polos territorios máis amenos desta ca-



FICHA: 108 pp - 12 x 22 cms. PVP 14,90 €

ISBN edi galego 978-84-16460-62-5

ISBN edi castellano 978-84-16460-63-2

pital de Galicia, mais tamén transita polas paisaxes da imaxinación. Deste xeito, apalparemos a pedra, escoitaremos a natureza, camiñaremos –entre rúas e bosques– a carón de Rosalía de Castro, Federico García Lorca ou Ramón del Valle-Inclán, e sairán ao paso as mil historias que foron construíndo Compostela.

A autora traza Nove Visitas Singulares e logo Catro Itinerarios moi sedutores, un Territorio das mulleres e un Calendario de Árbores, Flores e Festas.

Ademais, consellos prácticos sobre onde comer ou que doces ou artesanía mercar. Santiago de Compostela desde dentro é a primeira guía sensible, íntima, diferente, desta sempre viva e nova cidade medieval.

Contacto coa autora:

marilar.aleixandre@mundo-r.com

